

PROXECTO **EDUCATIVO**

2025 – 2026



fundación
VEDRUNA EDUCACIÓN
María Inmaculada-Vigo

CARÁCTER PROPIO

A identidade do noso Centro se fundamenta na concepción cristiá da persoa e da sociedade e exprésase na misión de formar persoas novas para un mundo máis xusto.

Un dos nosos obxectivos é o de proporcionar aos nosos alumnos unha educación integral, de xeito personalizada e grupal, que lles axude a ser autónomos, responsables, xustos e solidarios, cunha elevada formación académica.

Os VALORES que priorizamos son:

A Vida
A Liberdade
A Xustiza
A Paz
A Fraternidade
A Transcendencia

Educar na defensa da Vida potenciando hábitos de vida saudable e responsable; comprometéndonos na defensa dos dereitos humanos e desenvolvendo actitudes persoais e comunitarias, de respecto e coidado da natureza; traballando a favor do desenvolvemento sostible e o consumo responsable.

Fortalecer a Liberdade, que leva a optar polo ben común e que nace da verdade, o respecto, a honestidade,

Vivenciar a Xustiza a través do recoñecemento e a valoración da dignidade da persoa sen ningún tipo de discriminación.

Promover a Paz desenvolvendo hábitos de respecto, escoita e diálogo. Propoñendo estratexias para o manexo e resolución de conflitos, e descubrindo a forza activa da “non violencia” e a necesidade de exercitala día a día.

Crear Fraternidade establecendo relacións igualitarias que favorezan a cooperación e o compromiso solidario e promover actitudes de servizo, diálogo, tolerancia, tenrura e capacidade de compaixón e perdón.

Alentar o sentido de Transcendencia cultivando a capacidade de interiorización, que axude a descubrir a Deus presente e activo na propia vida, na das demais persoas, na natureza e na historia.

Desde estes valores que configuran o noso estilo educativo realizamos a nosa tarefa docente promovendo nos nosos alumnos:

- Amor, respecto, autodisciplina, asertividade.
- Descubrimos os potenciais e os talentos dos nosos alumnos para dende aí deseñar as aprendizaxes significativas.
- Solidariedade e empatía.
- Actitude reflexiva e responsable na toma de decisións; capacidade para asumir compromisos.
- Esfuerzo, constancia e hábito de traballo; ensinamos a traballar con alegría e sentido do deber.
- Autonomía persoal e resiliencia ante as dificultades da vida.
- Sensibilidade ante os problemas dos demais, participación en actividades de voluntariado, fomento do concepto de responsabilidade social.
- Interese pola cultura, a comunicación e a arte. Desenvolvemento de valores democráticos.
- Preocupación polo medio e fomento do coidado do ámbito.
- Rutinas de pensamento.
- Fomento da creatividade.

OBJECTIVO ANUAL

“Abrazando o futuro”

Este curso académico, marcado por la celebración del Bicentenario de la Congregación HH. Carmelitas de la Caridad Vedruna (1826-2026), se convierte en un tiempo de gratitud y proyección. Desde el área de Pastoral, invitamos a toda la Comunidad Educativa a "Abrazar el Futuro" a través de una profunda mirada Vedruna anclada en la memoria agradecida y abierta a la esperanza.

El objetivo "Abrazar el futuro" se articula en torno a dos ejes fundamentales:

1. Memoria (Cuidar las raíces):

Celebramos los 200 años de un carisma fundacional que, iniciado por Santa Joaquina de Vedruna, ha sido un "amor que nunca dice basta" y una respuesta audaz a las necesidades de la época.

Hacer memoria es reconocer el legado de entrega, caridad y servicio de las Hermanas y profesores desde tres acciones fundamentales: Educar, Sanar y Liberar.

Este legado es un punto de partida para la renovación creativa.

2. Mirada Vedruna y Construcción de Futuro (El Abrazo de la Esperanza):

"Abrazar el futuro" implica adoptar la mirada de Joaquina: una mirada de Fe profunda, Caridad operativa y Esperanza radical que ve en cada persona y en cada desafío una oportunidad para manifestar el amor de Dios.

Consiste en proyectar la Misión Vedruna hacia las nuevas generaciones y las nuevas pobrezas, con la misma audacia y ternura de la Fundadora.

Desde la Pastoral, esto se traduce en:

Cultivar la interioridad para que nuestros alumnos y profesores desarrollen una mirada sobre la realidad.

Impulsar la corresponsabilidad, fortaleciendo la Familia Vedruna como una comunidad abierta al mundo.

Formar en el compromiso social y la transformación evangélica, educando ciudadanos con espíritu crítico, compasivo y comprometido con el cuidado de la Casa Común.

A lo largo del curso, la acción pastoral se centrará en:

- Profundizar en la figura de Santa Joaquina como mujer que supo "abrazar" su historia y su vocación con valentía.
- Desarrollar dinámicas que fomenten la reflexión sobre el legado de Joaquina y su aplicación en la actualidad.
- Promover experiencias de encuentro y voluntariado que simbolicen el abrazo a los más necesitados.
- Integrar en la oración y la celebración la acción de gracias por el camino recorrido estos 200 años

PLAN DE ACTIVIDADES DO CURSO 2025-2026

SETEMBRO:

5	venres	Reunión con Pais de alumnos de 4º EI
8	luns	Comeza a xornada lectiva para EI, EP, ESO e Bacharelato
17	mérc.	Reunión pais EI. Convivencia 1º e 2º ESO
17 a 19		Camión de Santiago (3º ESO a 2º Bac)
18	xoves	Reunión con Pais de alumnos de 1º e 2º EP. Reunión con pais de alumnos con materias pendentes
19	xoves	Reunión de pais 1º e 2º EP
22	luns	Reunión con Pais de alumnos de 1º e 2º de Bacharelato
23	martes	Reunión con Pais de alumnos de 5º e 6º EP
24	mérc.	Reunión con pais de Infantil e 3º,4º EP. Consello escolar.
29	luns	Reunión con pais de 3º,4º ESO

OUTUBRO:

1	mérc.	Comeza a xornada partida. Reunión con Pais de alumnos de 1º, 2º ESO.
8	mérc.	Avaliación inicial 5º,6º EP e Infantil
12	dom.	Día da Hispanidade. Festivo
13	luns	Avaliación Inicial 1º-2º EP
14	martes	Avaliación inicial 1º,2º,3º ESO
15	mérc.	Avaliación inicial 3º,4º EP ,4º ESO, 1ºe 2º Bacharelato.
19	dom.	Domund
29	mérc.	Convivencia 1º Bacharelato
30	xoves	Convivencia 1º Bacharelato.
31	venres	Día do Ensino. Día non lectivo.

NOVEMBRO:

1	sáb	Todos os Santos. Festivo
3	luns	Non lectivo
4	martes	Eucaristía de defuntos.
11	martes	Today in English
24	luns	1ª Avaliación 2º Bach.
25	martes	Convivencia 2º Bach

26	mérc.	Convivencia 2º Bach
30	Dom.	Primeiro Domingo de Advento

DECEMBRO:

4-12		Campaña de recollida de alimentos
5	venres	Celebración cos alumnos do Día da Inmaculada.
6	venres	Día da Constitución. Festivo
8	dom.	Festa da Inmaculada. Festivo. Celebración coas familias do Día da Inmaculada.
9	martes	1ª avaliación EI.
10	mérc.	1ª Avaliación 1º, 2º ESO.
11	xoves	1ª Avaliación 1º, 2º, 3º EP.
15	luns	1ª Avaliación 4º, 5º, 6ºEP e 1º Bach.
16	martes	1ª Avaliación 3º y 4º ESO-.
18	xoves	Felicitación Nadal ás familias.
20	sáb.	Vacacións de Nadal.

XANEIRO:

8	xoves.	Volta ás clases.
27	martes	Consello Escolar
28	mérc.	POAP familias 4º ESO
30	Xoves	Día da no Violencia e da Paz.

FEBREIRO:

2 - 6		Semana da Paz e da Convivencia
4	mérc	Cine Social 1º EP a 2º Bach. Diá do xaxún voluntario.
16,17		luns e martes de Entroido. Non lectivos
18	mérc.	Mércores de Cinza. Non lectivo
6	xoves	Comezo da Coresma
23	luns	2ª Avaliación 2º Bach
25	mérc.	POAP familias 2º Bach
26	xoves	Fundación da Congregación HH. Carmelitas. Celebración da Fundación da Congregación HH. Carmelitas para alumnos e profesores

MARZO:

18	mérc.	2ª Avaliación 2º,3º ESO
19	xoves	Festivo
20	venres	Día non lectivo solicitado
23	luns	2ª Avaliación 4º,5º, 6ºEP e 1º Bach.
24	martes	2ª Avaliación Infantil.
25	mérc.	2ª Avaliación 1º, 2º, 3º EP.e 1º, 4º ESO.
26	xoves	Convivencia ESO
27	luns	Vacacións de S. Santa despois da xornada lectiva

ABRIL:

7	Martes	Volta ás clases.
20	luns	POAP familias 3º ESO.

MAIO: “MES DE MARÍA”

1	venres	Festa do Traballo. Festivo
4	luns	Día non lectivo solicitado
13	mérc.	POAP familias 6º EP
17	dom.	Día das Letras Galegas. Festivo
21	Xoves	Pola tarde comezan as Festas colexiais.
22	Venres	Sta Joaquina. Celebración relixiosa. Festas colexiais.
27	mérc.	Preavaliación 1º Bach.

XUÑO:

1	luns	Comezo da xornada única.
4-8		Exames finais 1º Bacharelato
8	luns	Preavaliación 1º e 2º,4º ESO
10	mérc.	Evaluación 1º Bach. Preavaliación 3º ESO
16-19		Exames finais ESO
17 – 19		Exames extraordinarios 1º Bach.
19	venres.	REMATE DAS ACTIVIDADES LECTIVAS.
22	Luns	Comezo Vacacións Verán. Avaliación final EI e EP.
24	mérc.	Festivo

PLANS DE CENTRO

Plan de acción Pastoral e interioridade

Plan de acción tutorial.

Plan lingüístico

Plan de convivencia

Plan de igualdade

Plan dixital

Plan lector e de biblioteca

Plan de formación

Plan de interioridade

Cando falamos de educación de Interioridade estamos a falar de crear persoas comprometidas desde o interior, que sexan capaces de afrontar os conflitos como oportunidades de crecemento e saiban facer lecturas profundas das súas vidas.

Nun mundo competitivo, no que os cambios acelerados dan orixe a un novo perfil de persoa, é necesario atender ao SER, aprender a escoitarse a un mesmo conectando co máis profundo e sagrado que cada persoa ten dentro dela.

Crece nun mundo máis relaxado e reflexivo, fai que mellore o proceso de ensino-aprendizaxe. Tamén axuda a potenciar a motivación persoal, a creatividade, e capacita a quen así se desenvolve, para valorar e gozar das cousas sinxelas.

A pedagogía da Interioridade ensina a vivencia dos valores sociais, morais, estéticos, intelectuais, afectivos e ambientais, o que leva consigo axudar a ter unhas conviccións profundas e desenvolver unha personalidade firme.

Educar no silencio e a Interioridade é ensinar a achegarse á vida cunha mirada que non queda na superficie das cousas, senón que traspasa e permite a análise e a valoración do esencial.

Plan de acción tutorial e Plan de Orientación Académica y Profesional (POAP).

O obxectivo da tutoría é acompañar a cada alumno no proceso de maduración integral como persoa; trátase de establecer co alumno unha relación que o oriente no seu proceso de aprendizaxe, o acompañe nas súas situacións persoais, o asesore nas dificultades e o axude a superalas, establecendo unha relación moi estreita e constante tanto cos rapaces coma cos seus responsables, as familias.

A Acción Tutorial é un compoñente inseparable da orientación educativa, polo que, ademais deste Plan para os tutores, o Departamento de Orientación tamén traballa e axuda á maduración persoal cos alumnos e cos seus pais.

O plan de orientación académica e profesional (POAP).

Desenvolto principalmente polo departamento de orientación e os titores ten por obxecto axudar ao estudante para coñecer, valorar e decidir sobre si mesmo e sobre as súas preferencias, intereses e capacidades académico-profesionais, para que poida formular libre e responsablemente a súa decisión persoal.

TITORES EN EDUCACIÓN INFANTIL			
4º A	Andrea Rodríguez Alonso	4º B	Julio Ceide Rodríguez
5º A	Adrián Vázquez Cid	5º B	María Simón Martínez
6º A	Andrea Martínez Dopico	6º B	Ana Álvarez Pol
TITORES EN EDUCACIÓN PRIMARIA			
1º A	Mª Teresa Portela Vázquez	1º B	Ana Mª Salado Pérez
2º A	Cristina Argudín	2º B	Alba Araújo López
3º A	Ángeles Valverde Gómez	3º B	Lorena Pose Juan
4º A	Claudia González Valverde	4º B	Silvia Simón Rodríguez
5º A	Mª Jesús Verde Rodríguez	5º B	Inés Villamor Prieto
6º A	María Rodríguez Alonso	6º B	Ángela Romero Martínez
AULA EDUCACIÓN ESPECIAL			
Sandra Mª Rodríguez López			
TITORES EN EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA			
1º A	Mª Teresa Sánchez Dapena (María Almeida bautista)	3º A	Mª Carmen Pérez Tanoira
1º B	Macarena Izquierdo Castro	3º B	Manuel Alonso García
1º C	Ángela Alonso Guinde	3º C	Patricia Abalde Nieves
2º A	Clara María García García	4º A	Pilar Pazó Riveiro
2º B	Marcos Pérez Fernández	4º B	Óscar Taboada Villanueva
2º C	Celia Fernández Permuy		
TITORES EN BACHARELATO			
1º A	Magdalena Mariño Vila	2º	Mª Dolores Vila Alonso. Lidia Rolán Fernández
1º B	Almudena González- Besada		

Directora Xeral	Patricia de Dios Alonso
Xefa de Estudos	Rosa M ^a Amoedo Mejuto
Coordinadora Pastoral	María Almeida Bautista
Orientadora Coordinadora de Bienestar	Sandra Rivera Baltanás
Coordinador EI	Adrián Vázquez Cid
Coordinadora Primaria	Ángeles Valverde Gómez
Coordinador 1º e 2º ESO	Ángela Alonso Guinde
Coordinador 3º e 4º ESO e Bac	Óscar Taboada Villanueva
Secretaria	Yolanda Pernas Martínez

VISITAS / SECRETARÍA

Para unha maior eficacia e organización os pais que desexen ser recibidos polo titor ou pola directora poden solicitalo a través do plataforma educativa ou por teléfono concretando o motivo e a data da cita.

Todos os documentos deben ser solicitados cun día de antelación.

A Secretaría do Centro está aberta ao público nos días lectivos, de luns a xoves, de **9,30 a 13,00 h** e de **16,00 a 18,00 h** e o venres de **9,30 a 13,30**.

Plan lingüístico

O obxectivo fundamental do Proxecto Lingüístico de Centro (PLC) non é outro que a mellora da competencia comunicativa do alumnado, tanto nas linguas oficiais de Galicia coma nas outras linguas presentes no ensino. Deste xeito, concíbese como un proxecto global que integra distintos ámbitos de actuación: regulamento de aspectos normativos relacionados cos usos lingüísticos do centro, normalización da lingua galega, tratamento da diversidade, apoio ao plurilingüismo e mellora xeral das habilidades orais e escritas. Inclúe, asemade, o plan lector e do plan da biblioteca escolar.

Dentro dos nosos obxectivos parciais están:

- A adquisición dunha boa competencia en Lingua Galega, con especial atención á oralidade.
- Fomento no alumnado de actitudes positivas cara ao uso do galego.

Para acadar estes obxectivos:

Promoverase o uso do galego en situacións reais de comunicación, fomentando a participación activa do alumnado en actividades orais.

Traballarase a produción escrita de maneira progresiva, desde os textos breves ata os máis elaborados.

A achega á literatura galega farase en espiral, desde a tradición popular ata as obras fundamentais do século XX e XXI.

Impulsarase o uso do galego nos espazos dixitais.

Formación en lingua estranxeira

Plurilingüismo

O centro imparte, ademais da materia curricular de Lingua Inglesa, outras materias neste idioma:

- Plástica, Música e Educación Física en todos os cursos de Primaria de xeito que en todos os cursos da etapa hai tres materias non lingüísticas en inglés.
- Unha ou dúas materias, segundo curso, Plástica, Música ou E. Física desde 1º a 4º da ESO.

Seguimos a participar no proxecto **BEDA**. Este proxecto en colaboración con outros centros de toda España consiste nunha implantación gradual do ensino bilingüe Español-Inglés no Colexio reforzando e ampliando determinados aspectos da vida educativa lingüística do Currículo e do ámbito escolar, a través de 3 pilares básicos:

- Incremento cualitativo e cuantitativo do ensino do inglés.
- Formación específica do profesorado.
- Avaliación externa con Cambridge para alumnos, profesores e persoal do centro.

Promovemos estancias no estranxeiro cos alumnos maiores e campamentos de inmersión cos de Primaria ademais da participación en proxectos Erasmus.

O noso colexio é centro examinador dos exames de **Cambridge** e cada ano obteñen un diploma que acredita as súas destrezas en inglés.



Método Jolly Phonics

Na etapa de Ed. Infantil tratamos a lingua inglesa a través do método Jolly Phonics. Ademais do método tamén se imparte a Psicomotricidade neste idioma.

Jolly Phonics é un sistema polo que se traballa a lectura e a escritura en inglés. Trátase dun método fonético sintético que ensina aos nenos de maneira multisensorial: a través de imaxe, movemento e son. Tamén axuda á mellora auditiva, en canto a listenings ou unha conversación, xa que coñecendo os sons que representan as letras e por tanto os grafemas e palabras, lógrase un maior entendemento.

Os sons ensínanse nunha orde específica, non alfabeticamente, o que permitirá que os nenos e nenas sexan capaces de aprender a ler palabras de maneira máis rápida e sinxela. A aprendizaxe da lectura en inglés consta de 5 fases:

1. Aprendizaxe dos sons: Os nenos aprenden os 42 sons principais.
2. Aprendizaxe da escritura das letras: Aprender a escribir a letra.
3. Unión das letras: Aprender a unir os distintos sons de letras para formar palabras e lelas correctamente.
4. Identificación dos sons nas palabras: Escoitando e discriminando os sons que hai en cada palabra.

Palabras difíciles: Hai palabras máis complicadas porque teñen unha pronuncia irregular, e os nenos apréndenas nesta última fase.

Método ABN en Matemáticas.

Dende hai varios cursos, o centro optou por un novo método de ensinanza das matemáticas que está instaurado en toda a etapa de infantil e ata 4º de primaria.

Esta nova metodoloxía, ABN; vai enfocada a aprendizaxe matemática mediante o uso de materiais cotiáns e a través de actividades e situacións próximas á realidade.

Os seus principais características son:

- Como indica o seu nome (Aberto Baseado en Números), carácter aberto, xa que non hai unha única maneira de obter un resultado, senón que se pode chegar de diferentes formas.
- Utilización de materiais cotiáns como botóns, escarvantes, tapóns...
- A manipulación nas actividades, para axudar ao alumnado na comprensión matemática.
- Situacións próximas á realidade do alumnado.

Plan dixitalización

Este Plan de Dixitalización responde á necesidade de integrar e utilizar de forma eficaz as tecnoloxías dixitais. A misión esencial é educar aos nosos estudantes para que poidan vivir, participar e progresar nun mundo complexo e interconectado que se enfronta a un rápido cambio tecnolóxico, cultural, económico, informativo e demográfico.

O coñecemento e o dominio das tecnoloxías dixitais deben formar parte do núcleo das competencias clave do noso alumnado. Neste contexto, a alfabetización dixital debe transcender a mera habilidade técnica para integrar aspectos sociais, emocionais e cognitivos do uso da tecnoloxía.

Recoñecemos que o verdadeiro reto non é a tecnoloxía, senón o desenvolvemento dun modelo pedagóxico que transforme o modelo tradicional de ensino e xere novas dinámicas de aprendizaxe. As tecnoloxías posúen un enorme potencial para mellorar a calidade da práctica educativa, favorecendo unha aprendizaxe máis personalizada, flexible e centrado nos estudantes. Por tanto, avanzaremos cara a un enfoque fundamentado desde a estratexia organizativa e didáctica. O éxito desta integración baséase no modelo TPACK (Coñecemento Tecnolóxico, Pedagóxico e de Contido), que esixe aos docentes combinar o seu coñecemento disciplinar con ferramentas dixitais adaptadas a contextos específicos.

2. Estratexias Crave

A implementación deste Plan guíase polas seguintes estratexias fundamentais:

1. Tecnoloxía como ferramenta, non como fin: O foco mantense en como a tecnoloxía enriquece o proceso de ensino-aprendizaxe, facilitando a colaboración, personalizando a educación e desenvolvendo competencias clave.

2. **Desenvolvemento integral da Competencia Dixital:** Implica non só o manexo técnico das ferramentas, senón tamén a capacidade de discernir información, manter a privacidade e protexerse dos riscos en liña.
3. **Adaptación Pedagóxica e Equilibrio:** As estratexias deben promover a aprendizaxe activa e colaborativa, mantendo un equilibrio esencial entre actividades dixitais e analóxicas. No noso proxecto pedagóxico conviven o analóxico (necesitamos o desenvolvemento da escritura a man e a comprensión lectora profunda) e o dixital (necesitamos habilidades dixitais para navegar, analizar e crear).
4. **Uso Activo e Creativo:** Promoverase que os alumnos utilicen a tecnoloxía de forma activa para investigar, crear, comunicar e resolver problemas, en lugar de ser meros consumidores pasivos. Buscamos preparar aos estudantes de maneira crítica e creativa, incorporando o pensamento computacional para que sexan creadores e coñezan o funcionamento das ferramentas e os algoritmos.
5. **Contornas Seguras e Saudables:** É crucial educar sobre a privacidade e a protección de datos persoais, e crear contornas seguras para previr problemas como o ciberacoso e a dependencia dixital.
6. **Liderazgo Directivo:** O equipo directivo liderará e impulsará a implementación destas estratexias.
7. **Profesorado como Modelo:** Os docentes actuarán como modelos a seguir no uso ético e responsable da tecnoloxía, tanto na aula como nas súas interaccións dixitais.

Competencia Dixital do Alumnado: Marco DigComp 2.2

O desenvolvemento da competencia dixital abordarase de forma transversal a través das diferentes áreas e materias, iniciando este proceso nas etapas obrigatorias. Esta competencia implica o uso seguro, saudable, sostible, crítico e responsable das tecnoloxías dixitais.

Aliñámonos cos cinco descritores operativos do Perfil de saída (LOMLOE) e as cinco áreas competenciais do Marco Europeo de Competencias Dixitais para a Cidadanía (DigComp 2.2):

Área de Competencia	Descrición General
CD1: Información e Alfabetización Dixital	Procura avanzada na internet con criterios de validez e fiabilidade, curación de contidos, xestión eficiente (marcadores, xestores bibliográficos) e aplicación dos principios de propiedade intelectual (LPI, Creative commons).
CD2: Creación de Contidos Dixitais	Xestión da Contorna Persoal de Aprendizaxe (PLE), creación de contidos mediante procesadores de texto, follas de cálculo, presentacións, edición de imaxes, audio e vídeo, e páxinas web.

Área de Competencia	Descripción General
CD3: Comunicación e Colaboración	Interacción, participación e colaboración mediante plataformas virtuais (Gmail, Drive, Classroom, Meet). Xestión responsable da presenza e visibilidade na rede, cubrindo cidadanía dixital, Netiqueta, pegada dixital e riscos como o cyberbullying, sexting, phishing e grooming.
CD4: Seguridade	Identificación de riscos e adopción de medidas para protexer dispositivos (virus, contrasinais, firewall, cifrado), datos persoais, o benestar persoal (guía de benestar, hixiene postural, mecanografía), e conciencia sobre o impacto ambiental das TIC (consumo de enerxía, residuos electrónicos).
CD5: Resolución de Problemas	Desenvolvemento de aplicacións informáticas sinxelas e solucións tecnolóxicas creativas e sostíbeis. Contidos clave: introdución ao pensamento e linguaxe computacional (actividades desenchufadas), programación por bloques, programación alto nivel, robótica e coñecemento de ferramentas de Intelixencia Artificial.

Plan de Convivencia

Desenvólvese fundamentándose na lexislación vixente. O plan de convivencia inclúe as normas de convivencia do noso centro, a concreción dos dereitos e deberes do alumnado, os seus titores legais, e membros da comunidade educativa. Ademais das medidas correctoras aplicables en caso de incumprimento das normas de convivencia, considerando que estas son de obrigado cumprimento e as medidas correctoras serán proporcionadas ás faltas cometidas e terán un carácter educativo e recuperador, procurando a mellora nas relacións de todos os membros da comunidade educativa.

Dentro deste plan inclúese o protocolo de acoso escolar ou Ciberacoso, protocolo de absentismo e taller de mediación para a resolución de conflitos.

Nel atópanse as actividades programadas co fin de fomentar un bo clima de convivencia dentro do centro escolar. Elabóranse coa finalidade principal de crear un ambiente de respecto, paz e harmonía na comunidade educativa, establecendo pautas claras para a interacción entre estudantes, docentes e persoal administrativo. O seu propósito é promover o desenvolvemento de habilidades socioemocionais, facilitar a prevención de conflitos, fomentar a responsabilidade e mellorar o clima para o proceso de ensino-aprendizaxe.

O Plan de Convivencia ten entre outros obxectivos:

1. Desenvolver unha intervención preventiva como medio para lograr un bo clima de convivencia entre toda a comunidade educativa.
2. Conseguir a integración de todos os membros da comunidade.
3. Cimentar as relacións persoais no respecto mutuo, a comprensión, a solidariedade e a interiorización das normas de convivencia.

4. Reducir ao mínimo as condutas disruptivas que perturban o clima de clase para evitar a conflictividade e diminuír as condutas máis graves mediante o establecemento de límites claros.

5. Priorizar a resolución dos conflitos de xeito formativo mediante a negociación e a conciliación e o esforzo conxunto dos profesores e os alumnos.

6. Actuar ante os conflitos, sempre que sexa posible, de xeito proactivo, como un medio positivo e construtivo para a prevención dun conflito futuro.

8. Analizar as causas das condutas disruptivas e procurar resolvelas como paso previo para solucionar problemas de convivencia.

9. Propugnar e favorecer o respecto e a mirada inclusiva cara todos os alumnos e alumnas sexa cal sexa a súa orientación sexual e a súa identidade de xénero; apoiar a quenes por mor da súa xuventude presenten unha indefinición de xénero que xenere conflito a persoa, a súa familia e á comunidade.

NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO

As Normas de Convivencia do Centro definen as características das condutas que deben promoverse para acadar:

- O crecemento integral da persoa.
- Os fins educativos do Centro.
- O desenvolvemento da Comunidade Educativa
- Un bo ambiente educativo e de relación no Colexio.
- O respecto aos dereitos de todas as persoas que participan na acción educativa.

ALUMNADO

RESPECTO:

- Respetar ao compañeiro, ao profesor, e aos demais membros da Comunidade educativa, sen rirse de posibles equívocos e defectos.
- Respetar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre todas as persoas, a dignidade, integridade e intimidade dos membros da comunidade educativa.
- Chamar a cada cal polo seu nome, sen referencias que poidan molestar.
- Facer un correcto uso da linguaxe e ter delicadeza no trato.
- Desculparse se se molestou a alguén.
- Entregar o obxecto requirido ao profesor que o requira (móbil, chuletas, apuntes...)

ESTUDO:

- Ser puntuais nas entradas ao colexio e cambios de clase.
- Acudir a clase co material escolar axeitado e telo ordenado e a punto.
- Manter unha actitude de atención e traballo na clase.
- Non falar nin molestar durante as explicacións.
- Tomar nota das tarefas que mandan os profesores e realizalas.
- Previr as cousas como citas con médicos, evitar pedir permisos innecesarios.

- En caso de solicitar a realización dun exame non feito por non asistir a clase, deberá presentarse xustificante médico ou documento de garantía suficiente.
- Os alumnos que tendo unha proba de avaliación falten ás clases anteriores ou a tarde anterior sen xustificar o seu absentismo debidamente (achegando certificado médico ou similar), non poderán presentarse a esta proba. En caso de xustificación posterior, o alumno realizará a proba na data indicada polo profesor correspondente.

LIMPEZA:

- Coidar a hixiene persoal.
- Presentar os traballos sempre limpos e ordenados.
- Manter limpos e coidados os pupitres, paredes e dependencias en xeral.
- Manter limpos e coidados os libros.
- Non comer nas clases.
- Facer un uso axeitado das papeleiras, tanto na clase coma nos patios.
- Facer un uso axeitado dos contenedores: plástico, papel,...
- Conservar e facer un bo uso das instalacións e materiais do Centro.
- O alumnado está obrigado a reparar os danos que cause, individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por negligencia, ás instalacións e aos materiais do Centro ou fora do recinto escolar, incluídos os equipos informáticos e o software, e aos bens doutros membros da comunidade educativa, ou facerse cargo do custo económico da súa reparación. Así mesmo está obrigado a restituír o subtraído ou, se non fora posible, a indemnizar o seu valor. As nais e pais ou as titoras ou titores serán responsables civís nos termos previstos pola lexislación vixente.

VESTIMENTA:

- No se permitirán piercings que el centro no considere adecuados.
- Deben quitarse gorros e viseiras ou calquera outra prenda que tape a cabeza ao entrar no aula ou calquera outra instalación onde se desenrole a actividade educativa.

Para os alumnos e alumnas de 3º e 4º da ESO e bacharelato

A partir de 3º de ESO deben vir coa roupa axeitada ao Centro.

Non se levarán camisetas de tiras estreitas ou con lendas de mal gusto ou ofensivas.

Non se permitirá a maquillaxe excesiva.

A roupa interior, como o seu propio nome indica, é interior, polo tanto non poderá estar á vista.

As camisetas e tops deben tapa-lo embigo.

Non se pode vir ao colexio con roupa ou calzado de praia.

Non están permitidos os pantalóns curtos deportivos fora da hora de E.F.

Para E.F. os días que teñan E.F. traerán unha camiseta para cambiarse e unha toalla.

Aqueles alumnos que desexen poderán traer un pantalón curto deportivo (só para a clase de E.F.) e disporán duns minutos para cambiarse.

Os/as alumnos/as, ata 2º de ESO inclusive, han de traer o uniforme completo e limpo segan os modelos enviados
Complementos de pelo azul mariño ou verde da tonalidade do uniforme-
Zapatos negros ou azul mariños.
Cazadora azul mariño.

AMBIENTE ACOLLEDOR:

- Camiñar polos corredores e escaleiras sen présas, sen empurróns e sen berros.
- Moverse polo colexio polos lugares indicados (escaleiras, entradas e saídas) procurando facelo cada quen pola dereita.
- Utilizar un ton moderado de voz usando un vocabulario apropiado.
- **Xustificar, a través da plataforma ou por escrito, as faltas de asistencia e de puntualidade.**
- Pedir permiso ao profesor para entrar, no caso de chegar tarde, e explicar o motivo máis tarde.
- Non saír ao corredor nos cambios de clase e esperar dentro da aula, nunha actitude de orde, a chegada do profesor. No caso de precisar ir ao servizo soamente poderán facelo co permiso do profesor que entra no aula.
- Non traer ao Colexio obxectos cos que poidan danarse a si mesmos e aos demais.

DISPOSITIVOS DIXITAIS:

- Os alumnos deben respectar as normas de uso de Chromebooks que son as seguintes:

Carga e batería:

- Debe traer o dispositivo cargado cada mañá co 100% de batería.
- En clase non está permitida a carga do ordenador, salvo excepcións puntuais.

Uso responsable:

- Cada alumno é responsable do uso do seu propio dispositivo. Utilizarase só con fins académicos e cando o profesor llo indique. Non é unha ferramenta de xogo.
- Cando non se utilice, o Chromebook estará gardado na mochila.
- Só se poderá acceder coa conta persoal do colexio.

Coidado e respecto

- Cada alumno debe coidar o seu Chromebook e o dos seus compañeiros.
- O dispositivo non se sostará pola pantalla nin se deixará no chan.
- O contrasinal é persoal e secreta.

Prohibicións

- Os alumnos non poden acceder a información na internet con contido inadecuado, así como gravar ou descargar ilegalmente algún software ou contido protexido pola lexislación da propiedade intelectual ou industrial.
- Non se pode usar o Chromebook para descargar, mostrar ou difundir material ofensivo, difamatorio, discriminatorio ou de acoso.
- Está totalmente prohibido xogar a videoxogos ou utilizar os Chromebooks nos cambios de clase ou durante o estudo de comedor (salvo que o profesor de garda autoríceo).

- Non está permitido ter os chromebooks abertos sen presenza ou sen permiso dun profesor en todo ou recinto escolar.
- Durante a xornada lectiva os alumnos deben ter o teléfono móbil apagado.
- Está prohibido o uso do teléfono móbil no colexio, excepto naqueles casos nos que con autorización e baixo vixilancia do profesor se utilice para fins educativos.
- Está prohibido o uso de aparatos gravadores ou reprodutores de calquera tipo, alarmas sonoras en reloxs e outros similares.
- Calquera aparato dos mencionados anteriormente debe ser entregado ao profesor que o solicite. O alumnado non pode negarse a entregar o móbil acendido cando se lle pida. O profesor entregará en secretaría e estará a disposición dos pais a partir da finalización da xornada lectiva.

RECREO:

- Non se pode quedar nas aulas, corredores, nin outras dependencias sen presenza e autorización dun profesor.
- Permanecer no patio ata oír o sinal correspondente, disfrutando do tempo de lecer cos demais.
- Non usar balóns que poidan causar danos pola súa dureza ou polo seu mal uso, non colgarse das canastras nin porterías.
- Usar os servizos do patio.

OUTROS:

- Para poder saír durante o horario escolar débese entregar ao titor/a unha nota escrita do pai, nai ou titor legal, debendo vir a buscalo persoalmente.
- Está prohibido comer pipas e goma de mascar en todo o recinto escolar.
- Os alumnos poderán traer unha botella de auga que terán que ter na mochila para cando necesiten beber. Non están permitidas outras bebidas (café, refrescos, bebidas enerxéticas ou similares).
- Prohíbese a posesión ou consumo de drogas e bebidas alcohólicas.
- Está prohibido fumar en todo o recinto escolar.
- Os alumnos non poderán facer uso das imaxes de compañeiros ou profesores, nin difundilas sen permiso nas redes sociais. Deberase ter especial coidado co uso das RRSS, seguindo sempre os protocolos de bo uso.

NORMAS NAS SAÍDAS E OUTRAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

- As normas do plan de convivencia que rexen o noso comportamento no colexio, son tamén válidas para todas as actividades complementarias e extraescolares que realizamos non importando onde sexa.
- Nas actividades complementarias (convivencias, excursións, etc) respectaremos os horarios establecidos polos monitores e profesores para o uso de móbiles.
- Poderanse engadir normas concretas para cada unha das actividades. Nas circulares ou asembleas informativas darase coñecemento delas.

PAIS E NAIS

- Teñen dereito a recibir información do profesor-titor daqueles aspectos relacionados co desenvolvemento académico dos seus fillos/as.
- Teñen dereito a coñecer o calendario escolar e as actividades escolares que se realicen.
- Deben proporcionar aos seus fillos o material escolar necesario para o desenvolvemento das actividades diarias.
- Deben cooperar co Centro en todo o que respecta á educación do seu fillo/a colaborando no cumprimento destas Normas de Convivencia.
- Deben velar pola asistencia puntual a clase do seu fillo/a.
- Deben acudir ao Centro sempre que sexan requiridos polos profesores e manter un estreito contacto co Colexio.
- Deben xustificar na plataforma ou por escrito as faltas de asistencia ou puntualidade do seu fillo/a.
- Poden acompañar aos seus fillos/as ata a entrada do Colexio pero, en ningún caso, deberán entorpecer as filas, entrar no Centro nin poñerse diante das portas, para non obstaculizar as entradas e saídas do alumnado.
- Deben mostrar cara o Colexio unha actitude de colaboración, respecto e participación.

MEDIDAS CORRECTORAS

Medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia:

- a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
- b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.
- c) Cambio de grupo.
- d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas.
- e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes.
- f) Cambio de centro.

Medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia:

- a) Amoestación verbal privada ou escrita.
- b) Comparecencia inmediata ante o coordinador de ciclo ou a xefatura de estudos.
- c) Realización de traballos específicos en horario lectivo.
- d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
- e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro.
- f) Cambio de grupo.
- g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos.
- h) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos.

Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

A concreción destas medidas están detalladas no Regulamento de Réxime Interno do Centro e no Plan de Convivencia.